

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1471 *ORDE APA/53/2007, do 17 de xaneiro, pola que se modifica o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, contido no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España. («BOE 21, do 24-1-2007.»)*

O Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Gando de España, establece o procedemento de modificación do anexo que contén este catálogo.

De acordo co artigo 4 do citado real decreto, a modificación do anexo baséase, neste caso, nas propostas que os gobernos do Principado de Asturias, da Junta de Andalucía, da Generalitat de Cataluña e da Junta de Castilla y León e a Federación Española de Asociacións de Gando Selecto presentaron no Comité de Razas de Gando de España.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, entidades representativas do sector, así como entidades científicas en materia de reprodución, selección e xenética animal.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

No Catálogo Oficial de Razas de Gando de España contido no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, introdúcense as seguintes modificacións:

a) No punto 1.1, parágrafo da especie porcina, incorpóranse as razas «Ibérica (variedade Retinto)» e «Ibérica (variedade Entrepelado)».

b) No punto 1.1 incorpórase a especie aviaria, incluíndose baixo esta epígrafe a raza «Combatiente Español».

c) No punto 1.2, parágrafo da especie bovina, incorpórase a raza «Morucha (variedade Negra)».

d) No punto 1.2, parágrafo da especie porcina, incorpóranse as razas «Gochu asturcelta», Ibérica (variedade Torbiscal) e Ibérica (variedade «Lampião»).

e) No punto 1.2, parágrafo da especie aviaria, incorpóranse as razas «Penedesenca», «Gallina empordanesa», «Oca empordanesa», «Gallina del Prat», «Andaluza azul» e «Utrerana».

f) No punto 3 incorpórase a especie ovina, incluíndose baixo esta epígrafe a raza «Lacaune».

g) No punto 3 incorpórase a especie caprina, incluíndose baixo esta epígrafe a raza «Alpina».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xaneiro de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

1472 *ORDE APA/54/2007, do 22 de xaneiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 21, do 24-1-2007.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista do Código Zoosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un risco para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul en territorio peninsular. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante decisións da Comisión, sendo a última a Decisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, relativas ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas. Desde a súa aparición na península, a enfermidade caracterizouse por presentar un silencio epizootiolóxico en función da dinámica estacional do vector en determinadas épocas do ano; así, tras os últimos focos notificados a finais de 2004, a enfermidade reemerxeu na península en xullo de 2005, cesando a circulación viral novamente en decembro dese mesmo ano. En setembro de 2006 volveuse constatar a circulación do virus da lingua azul, tendo cesado esta en decembro do mesmo ano.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade e seguindo o criterio do grupo de expertos previsto no Plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Os axustes legislativos foron necesarios para xestionar o risco con base na situación epidemiolóxica no tempo e nas peculiaridades de cada sector específico.

Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e, por tanto, non existe risco de circulación viral na dita zona.

A este respecto, a decisión da Comisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, sobre as zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, prevé no seu artigo 3.3 o movemento de animais sensibles tras un período de tempo despois do cesamento da actividade do vector.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha revisión da Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, co obxecto de considerar durante un período de tempo determinado unha zona do territorio nacional como estacionalmente libre de lingua azul. Esta consideración deixará de ter efecto 28 días antes da data máis temperá